

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**4258** Orde EHA/614/2009, do 3 de marzo, pola que se regula o contido do informe de que fai mención o artigo 129.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, establece no seu artigo 129.3 que as sociedades mercantís estatais, as entidades públicas empresariais, o resto dos entes do sector público estatal sometidos aos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española e as fundacións do sector público estatal presentarán, xunto coas súas contas anuais, un informe relativo ao cumprimento das obrigas de carácter económico-financieiro que asumen as ditas entidades como consecuencia da súa pertenza ao sector público.

En desenvolvemento deste artigo publicouse a Orde EHA/1006/2005, do 6 de abril, pola que se regula o contido do informe a que fai mención o artigo 129.3 da Lei xeral orzamentaria.

Porén, resulta necesaria a modificación da citada norma para adaptala á nova normativa mercantil, en concreto, para axustar o seu contido ao disposto na Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea e no novo Plan Xeral de Contabilidade, aprobado mediante o Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

Así mesmo, esta modificación vén motivada pola necesaria adaptación á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, pola que queda derogado o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, coa excepción do capítulo IV do título V do libro II, comprensivo dos artigos 253 a 260, ambos incluídos.

Por todo iso, tendo en conta que as modificacións anteriormente citadas afectan unha gran parte do contido da Orde EHA/1006/2005, do 6 do abril, considérase conveniente a aprobación dunha nova orde ministerial e a derogación da anterior.

Así, en uso das facultades que ao ministro de Facenda (actualmente ministro de Economía e Facenda) outorga a alínea e) do artigo 124 da Lei xeral orzamentaria, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, esta norma regula o contido do informe a que fai mención o artigo 129.3 da Lei xeral orzamentaria.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Esta norma é de aplicación ás seguintes entidades:

- a) Entidades públicas empresariais.
- b) Sociedades mercantís estatais.
- c) Fundacións do sector público estatal.
- d) Resto de entes do sector público estatal sometidos aos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española.

#### Artigo 2. *Contido do informe que se debe presentar xunto coas contas anuais.*

O informe que as entidades incluídas no ámbito de aplicación desta norma presentarán xunto coas súas contas anuais, de acordo co previsto no artigo 129.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, deberá conter a seguinte información, que se desenvolve nos artigos seguintes:

- a) Información de carácter orzamentario.

- b) Información relativa á execución dos contratos-programa previstos no artigo 68 da Lei xeral orzamentaria e o seu grao de cumprimento.
- c) Información relativa ao cumprimento da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e outra normativa en materia de procedementos de contratación.
- d) Información relativa ao cumprimento dos principios que en materia de persoal e disposición de fondos deben cumprir as entidades do sector público fundacional.
- e) Información sobre garantías recibidas ou concedidas a outras entidades do sector público estatal.
- f) Información sobre persoal.
- g) Información sobre a Comisión de Auditoría e Control.
- h) Outra información.

### Artigo 3. *Información de carácter orzamentario.*

a) Información relativa ao programa de actuación plurianual: as entidades do sector público empresarial que, de acordo co previsto no artigo 65 da Lei xeral orzamentaria, deban formular programas de actuación plurianual informarán, para cada obxectivo, actividade e indicador relativos ao orzamento executado, sobre o previsto, o realizado, as desviacións absolutas así como sobre a porcentaxe do realizado a respecto do previsto.

b) Información sobre a liquidación dos orzamentos de explotación e capital: as entidades cuxos orzamentos de explotación e capital de carácter individual figuren incluídos na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio, deberán subministrar información sobre a súa liquidación. En concreto, informarase sobre os importes previstos, as modificacións aprobadas, de ser o caso, os importes realizados, as desviacións absolutas, a porcentaxe do realizado a respecto do previsto e as causas das desviacións.

A información subministrarase de acordo cos modelos previstos no anexo I desta orde ministerial e segundo as resolucións que elabora, anualmente, a Dirección Xeral de Orzamentos polas cales se establecen os formatos da documentación que teñen que remitir as correspondentes entidades dos sectores públicos empresarial e fundacional para a elaboración dos orzamentos xerais do Estado.

As entidades deberán xustificar, así mesmo, o cumprimento da normativa sobre modificacións dos orzamentos de explotación e capital, de acordo co establecido no artigo 67.2 da Lei xeral orzamentaria.

c) Información rexionalizada do importe dos pagamentos por actuacións de investimento real (inmobilizado intanxible, immobilizado material e investimentos inmobiliarios): presentarase información rexionalizada dos pagamentos de cada unha das actuacións de investimento real (adquisicións de immobilizado intanxible, immobilizado material e investimentos inmobiliarios), desagregando o importe por provincias e proxectos, de acordo cos respectivos modelos definidos nos anexos II.A e II.B desta orde.

Ademais, no caso de que algún dos pagamentos por adquisición de immobilizado ou por investimento inmobiliario correspondese a varias provincias dunha ou varias comunidades autónomas, realizarase a distribución do importe en función da porcentaxe de participación de cada provincia.

### Artigo 4. *Información relativa á execución dos contratos-programa previstos no artigo 68 da Lei xeral orzamentaria e o seu grao de cumprimento.*

As entidades que subscriban contratos-programa deberán subministrar información sobre:

- a) O cumprimento dos obxectivos establecidos no contrato-programa (coeficientes de cobertura de ingresos, redución de endebedamento, diminución do cadro de persoal, etcétera).
- b) O importe previsto das achegas de acordo co contrato-programa.
- c) O importe devengado das achegas, indicando se o dito importe foi auditado pola Intervención Xeral da Administración do Estado. No caso de discrepancias entre o que

figure na proposta de liquidación e o auditado indicárase este último, salvo que o órgano competente para efectuar a liquidación fixase outra distinta.

A información anterior desagregárase por anualidades, e deberase incluír na memoria correspondente a todos os anos de vixencia do contrato-programa.

*Artigo 5. Información relativa ao cumprimento da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e outra normativa en materia de procedementos de contratación.*

As entidades incluídas dentro do ámbito de aplicación desta orde deberán subministrar información en relación coas disposicións da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público que lles resultan de aplicación, así como sobre os mecanismos utilizados para axustar as súas actividades contractuais ás prescricións da dita lei e, en particular, para cumprir cos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non-discriminación establecidos na citada norma, de acordo co modelo previsto no anexo III desta orde.

Así mesmo informarán sobre a suxeición, de ser o caso, á Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, así como da normativa interna de contratación que están utilizando nos seus procedementos, se dispoñen dela.

*Artigo 6. Información relativa ao cumprimento dos principios que en materia de persoal e disposición de fondos deben cumprir as entidades do sector público fundacional.*

As fundacións do sector público estatal suxeitas ao disposto no capítulo XI da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, deberán presentar información en que se especifiquen os mecanismos utilizados para cumprir:

- a) Cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da correspondente convocatoria de selección de persoal.
- b) Cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade na súa contratación.
- c) Cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade na disposición en diñeiro de fondos sen contraprestación directa dos beneficiarios, cando sexa esta a actividade exclusiva ou principal da fundación, os fondos se destinen á execución de actuacións ou proxectos específicos, e sempre que tales recursos proveñan do sector público estatal.

*Artigo 7. Información sobre garantías recibidas ou concedidas a outras entidades do sector público estatal.*

En relación coas garantías recibidas ou concedidas, as entidades deberán subministrar a seguinte información:

- a) Tipo de garantía.
- b) Causa da garantía.
- c) Importe garantido.
- d) Entidade que presta ou á cal se presta a garantía.

*Artigo 8. Información sobre persoal.*

As entidades deberán subministrar a seguinte información relativa ao persoal, de acordo cos modelos previstos no anexo IV desta orde:

- a) Descrición dos sistemas empregados para a selección do persoal.
- b) Evolución nos tres últimos exercicios dos soldos e salarios, o cadro de persoal medio e o soldo medio do persoal.
- c) Normas ou acordos do órgano de goberno que determinan incrementos salariais.
- d) Orixe das modificacións no gasto de persoal respecto ao exercicio anterior.
- e) Altas, desagregando en homes e mulleres.

- f) Baixas e indemnizacións, desagregando en homes e mulleres.
- g) Outra información.
- h) Distribución rexionalizada do número de efectivos da entidade en caso de que esta dispoña de varios centros de traballo en distintas localidades.

**Artigo 9. Información sobre a comisión de auditoría e control.**

As entidades que, en virtude do establecido no artigo 180.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, deban constituír unha comisión de auditoría e control deberán subministrar información relativa a ela, de acordo co modelo previsto no anexo V desta orde.

As entidades que, non estando suxeitas ao disposto no artigo 180.3 da Lei de patrimonio das administracións públicas, constituísen unha comisión de auditoría e control, deberán igualmente subministrar información relativa a ela, de acordo co modelo previsto no anexo V desta orde.

**Artigo 10. Outra información.**

Calquera outra información relativa a outras obrigas de carácter económico-financieiro que asuma a entidade como consecuencia da súa pertenza ao sector público.

**Artigo 11. Requisitos da información que hai que incluír no informe.**

A información subministrada debe concordar, de ser o caso, coa que figura nas contas anuais individuais ou, de ser o caso, consolidadas aprobadas pola entidade e debe vir expresada en miles de euros. Esa concordancia débese acreditar mediante a dilixencia do responsable do departamento financeiro, que figura no anexo VI desta orde ministerial, a cal forma parte do informe. Nesta dilixencia acreditarase, así mesmo, qué información da recollida nos artigos 3 a 10 desta orde ministerial se presentou sen contido por non resultar de aplicación á respectiva entidade.

Así mesmo, o responsable que expida a citada dilixencia deberá asinar ou rubricar todas e cada unha das páxinas do informe e esas páxinas deberán estar numeradas correlativamente.

**Disposición adicional primeira. Habilitación para a aprobación de adaptacións sectoriais.**

Por resolución do interventor xeral da Administración do Estado poderanse aprobar adaptacións desta orde ministerial a entidades ou sectores de actividade diferenciados.

Así mesmo, a Intervención Xeral da Administración do Estado actualizará, de ser o caso, anualmente, os modelos previstos nos anexos desta orde ministerial.

**Disposición adicional segunda. Forma de presentar o informe en relación coas contas anuais.**

O informe regulado nesta orde ministerial acompañará as contas anuais individuais. Non obstante, as entidades cuxa información orzamentaria figure de forma consolidada nos orzamentos xerais do Estado de cada exercicio e que, de conformidade co previsto na disposición adicional única da Orde do ministro de Facenda do 12 de decembro de 2000 pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado, estean obrigadas a presentar contas anuais consolidadas, deben presentar a información contida no artigo 3, letras a), b) e c) desta orde de forma consolidada e acompañando as contas anuais consolidadas.

No caso de que a entidade cuxa información orzamentaria figure de forma consolidada na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio non estea obrigada a presentar contas anuais consolidadas, a información contida no punto anteriormente citado presentarase de forma consolidada pero acompañando as contas anuais individuais aprobadas.

Disposición transitoria única. *Regra para a elaboración das liquidacións dos orzamentos de explotación e capital correspondentes ao exercicio 2008.*

«No exercicio 2008 as liquidacións dos orzamentos de explotación e capital correspondentes ao informe que deben presentar as entidades incluídas no ámbito subxectivo desta orde ministerial estarán formadas por dous puntos:

No primeiro punto figurará unicamente o orzamento aprobado, coa estrutura prevista na Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008.

No segundo punto presentarase a súa execución, adaptando a estrutura:

a) da conta de resultados -que constitúe o orzamento de explotación- á derivada do Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, ou ben daqueles principios e normas de contabilidade aplicables a cada tipo de entidade que estean vixentes en 31 de decembro de 2008.

b) e do cadro de financiamento -que constitúe o orzamento de capital- á terminoloxía e criterios previstos no Plan Xeral de Contabilidade ou nos principios e normas de contabilidade aplicables a cada tipo de entidade que estean vixentes en 31 de decembro de 2008.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde EHA/1006/2005, do 6 de abril, pola que se regula o contido do informe a que fai mención o artigo 129.3 da Lei xeral orzamentaria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, e será de aplicación ao informe que se xunte ás contas anuais correspondentes ao exercicio 2008 e seguintes.

Madrid, 3 de marzo de 2008.-O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

## ANEXOS

### Relación de anexos.

Anexo I: Liquidación dos orzamentos de explotación e capital.

1. Entidades non financeiras.
2. Entidades de seguros.
3. Entidades de crédito.
4. Fundacións do sector público estatal.

Anexo II: Información rexionalizada do importe dos pagamentos por actuacións de investimento real (inmobilizado intanxible, immobilizado material e investimentos inmobiliarios).

Anexo II.A: Distribución rexionalizada de investimentos. Detalle por entidades, comunidades autónomas e provincias.

Anexo II.B: Distribución rexionalizada de investimentos. Ano n. Detalle por entidades, proxectos, comunidades autónomas e provincias.

Anexo III: Información relativa ao cumprimento da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

1. Contratos suxeitos a regulación harmonizada.
2. Contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

Anexo IV: Información sobre persoal.

1. Descrición dos sistemas empregados para a selección do persoal.

2. Evolución nos tres últimos exercicios dos soldos e salarios, o cadro de persoal medio e o soldo medio do persoal.
3. Normas ou acordos do órgano de goberno que determinan incrementos salariais e orixe das modificacións nos soldos e salarios respecto ao exercicio anterior.
4. Altas.
5. Baixas e indemnizacións.
6. Outra información.
7. Distribución rexionalizada do persoal. Detalle por entidades, comunidades autónomas e provincias.

Anexo V: Información sobre a comisión de auditoría e control.

Anexo VI: Dilixencia do responsable do departamento financeiro que acredita a concordancia entre a información subministrada e a que figura nas contas anuais aprobadas pola entidade.











**ANEXO II**

Información rexionalizada do importe dos pagamentos por actuacións de investimento real  
(inmobilizado intanxible, inmobilizado material e investimentos inmobiliarios)

**ANEXO II.A**

**DISTRIBUCIÓN REXIONALIZADA DE INVESTIMENTOS  
DETALLE POR ENTIDADES, COMUNIDADES AUTÓNOMAS E PROVINCIAS**

CÓDIGO DA ENTIDADE:  
NOME DA ENTIDADE:

CÓDIGOS DE COMUNIDADES E PROVINCIAS	REXIÓN E PROVINCIAS	INVESTIMENTO TOTAL APROBADO OXE ANO n <sup>º</sup> )	INVESTIMENTO REAL EFECTUADO OXE ANO n <sup>º</sup> )
	<b>PAÍS VASCO</b>		
01.01	ARABA		
01.20	GIPUZKOA		
01.48	BIZKAIA		
01.00	<b>Total PAÍS VASCO</b>		
	<b>CATALUÑA</b>		
02.08	BARCELONA		
02.17	GIRONA		
02.25	LLEIDA		
02.43	TARRAGONA		
02.00	<b>Total CATALUÑA</b>		
	<b>GALICIA</b>		
03.15	A CORUÑA		
03.27	LUGO		
03.32	OURENSE		
03.36	PONTEVEDRA		
03.00	<b>Total GALICIA</b>		
	<b>ANDALUCÍA</b>		
04.04	ALMERÍA		
04.11	CÁDIZ		
04.14	CÓRDOBA		
04.18	GRANADA		
04.21	HUELVA		
04.23	JAÉN		
04.29	MÁLAGA		
04.41	SEVILLA		
04.00	<b>Total ANDALUCÍA</b>		

CÓDIGOS DE COMUNIDADES E PROVINCIAS	REXIÓN E PROVINCIAS	INVESTIMENTO TOTAL APROBADO OXE ANO n <sup>º</sup>	INVESTIMENTO REAL EFECTUADO OXE ANO n <sup>º</sup>
05.33	<b>PRINCIPADO DE ASTURIAS</b>		
05.33	PRINCIPADO DE ASTURIAS		
	<b>Total PRINCIPADO DE ASTURIAS</b>		
06.39	<b>CANTABRIA</b>		
06.39	CANTABRIA		
	<b>Total CANTABRIA</b>		
07.26	<b>LA RIOJA</b>		
07.26	LA RIOJA		
	<b>Total LA RIOJA</b>		
08.30	<b>REXIÓN DE MURCIA</b>		
08.30	REXIÓN DE MURCIA		
	<b>Total REXIÓN DE MURCIA</b>		
09.03	<b>COMUNIDADE VALENCIANA</b>		
09.12	ALICANTE		
09.46	CASTELLÓN		
09.00	VALENCIA		
	<b>Total COMUNIDADE VALENCIANA</b>		
10.22	<b>ARAGÓN</b>		
10.44	HUESCA		
10.50	TERUEL		
10.00	ZARAGOZA		
	<b>Total ARAGÓN</b>		
11.02	<b>CASTILLA-LA MANCHA</b>		
11.13	ALBACETE		
11.16	CIUDAD REAL		
11.19	CUENCA		
11.45	GUADALAJARA		
11.00	TOLEDO		
	<b>Total CASTILLA-LA MANCHA</b>		
12.35	<b>CANARIAS</b>		
12.38	LAS PALMAS		
12.00	TENERIFE		
	<b>Total CANARIAS</b>		

CÓDIGOS DE COMUNIDADES E PROVINCIAS	REXIÓN E PROVINCIAS	INVESTIMENTO TOTAL APROBADO OXE ANO n <sup>(2)</sup>	INVESTIMENTO REAL EFECTUADO OXE ANO n <sup>(2)</sup>
13.31	<b>NAVARRA</b>		
13.31	NAVARRA		
	<b>Total NAVARRA</b>		
14.06	<b>EXTREMADURA</b>		
14.10	BADAJOS		
14.00	CÁCERES		
	<b>Total EXTREMADURA</b>		
15.07	<b>ILLES BALEARS</b>		
15.07	ILLES BALEARS		
	<b>Total ILLES BALEARS</b>		
16.28	<b>MADRID</b>		
16.28	MADRID		
	<b>Total MADRID</b>		
17.05	<b>CASTILLA-LEÓN</b>		
17.09	ÁVILA		
17.24	BURGOS		
17.34	LEÓN		
17.37	PALENCIA		
17.40	SALAMANCA		
17.42	SEGOVIA		
17.47	SORIA		
17.49	VALLADOLID		
17.00	ZAMORA		
	<b>Total CASTILLA-LEÓN</b>		
18.55	<b>CEUTA</b>		
18.55	CEUTA		
	<b>Total CEUTA</b>		
19.56	<b>MELILLA</b>		
19.56	MELILLA		
	<b>Total MELILLA</b>		
00.00	<b>TOTAL REGIONALIZADO</b>		

CÓDIGOS DE COMUNIDADES E PROVINCIAS	REXIÓN E PROVINCIAS	INVESTIMENTO TOTAL APROBADO OXE ANO n <sup>(2)</sup>	INVESTIMENTO REAL EFECTUADO OXE ANO n <sup>(2)</sup>
93.00	NON REXIONALIZABLE		
93.00	NON REXIONALIZABLE Total NON REXIONALIZABLE		
92.00	ESTRANXEIRO		
92.00	ESTRANXEIRO Total ESTRANXEIRO		
00.01	<b>TOTAL XERAL</b> <sup>(3)</sup>		

(1) Os datos desta columna deben coincidir cos que figuran, para a entidade, na columna investimento total orzado no exercicio, dos orzamentos xerais do Estado para o dito exercicio (anexo de investimentos reais, distribución orgánica da serie verde).

(2) Nesta columna presentarase información rexionalizada dos pagamentos polas adquisicións do inmovilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios.

(3) O total xeral do anexo II.A deberá coincidir no total xeral do anexo II.B.

**ANEXO II.B**  
**DISTRIBUCIÓN REGIONALIZADA DE INVERSIONES - AÑO n**  
**DETALLE POR ENTIDADES, PROXECTOS, CCAA E PROVINCIAS**

DENOMINACIÓN ENTIDADE:  
CÓDIGO ENTIDADE:

CÓDIGO DE PROXECTO	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	INDICADOR REGIONALIZACIÓN (4)	COMUNIDADE AUTÓNOMA		PROVINCIA		INVESTIMENTO TOTAL APROBADO, OXE ANO n (1)	INVESTIMENTO REAL EFECTUADO ANO n (2)
			CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CÓDIGO	DENOMINACIÓN		
Total proxecto							0,00	0,00
Total proxecto							0,00	0,00
Total proxecto								
<b>TOTAL XERAL (3)</b>							<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

(1) Os datos desta columna deben coincidir cos que figuran, para a entidade, na columna investimento total orzado no exercicio, dos orzamentos xerais do Estado para o dito exercicio (anexo de investimentos reais, distribución orgánica da serie verde)

(2) Nesta columna presentárase información rexionalizada dos pagamentos dos proxectos polas adquisicións do inmovilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios.

(3) O total xeral do anexo II.A deberá coincidir no total xeral do anexo II.B.

(4) P.: proxecto pluriprovincial  
U.: proxecto uniprovincial

**ANEXO III**

Información relativa ao cumprimento da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE:  
CÓDIGO DA ENTIDADE:

(Miles de euros)  
ANO:

Poder adxudicador Si Non

**CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA**

PROCEDEMENTO	NÚMERO	IMPORTE TOTAL
Aberto		
Restringido		
Negociado		
Diálogo competitivo		

**CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA**

PROCEDEMENTO (1)	NÚMERO	IMPORTE TOTAL	NÚMERO DE CONTRATOS PUBLICADOS NO PERFIL DO CONTRATANTE

(1) Deberase xustificar o procedemento de adxudicación aplicado, especialmente cando difira do procedemento aberto e cando se modifique o procedemento utilizado respecto a contratos anteriores.

(2) Deberase describir brevemente o sistema de adxudicación utilizado en cada un dos procedementos que se reflicten no cadro.

(3) A información achegada neste anexo virá referida aos contratos licitados no exercicio pola entidade. Os importes expresaranse co IVE incluído.



## ANEXO IV

## Información sobre persoal

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE:

(Miles de euros)

CÓDIGO DA ENTIDADE:

ANO:

## 1. DESCRICIÓN DOS SISTEMAS EMPREGADOS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL.

DESCRICIÓN DOS SISTEMAS EMPREGADOS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL	
Sistemas con convocatoria pública	Sistemas sen convocatoria pública

## 2. EVOLUCIÓN NOS TRES ÚLTIMOS EXERCICIOS DOS SOLDOS E SALARIOS, O CADRO DE PERSOAL MEDIO E O SOLDADO MEDIO DE PERSOAL.

CONCEPTO	ANO (n-2)	ANO (n-1)	TAXA DE VARIACIÓN ((n-1)-(n-2)) / (n-2) X 100	ANO N	TAXA DE VARIACIÓN ((n)-(n-1))/(n-1) X 100
(1) Soldos e salarios					
(2) Cadro de persoal medio total					
Homes.....					
Temporais.....					
Fixos.....					
Mulleres.....					
Temporais.....					
Fixas.....					
(1)/(2) Soldo medio de persoal					

## 3. NORMAS OU ACORDOS DO ÓRGANO DE GOBERNO QUE DETERMINAN INCREMENTOS SALARIAIS E ORIXE DAS MODIFICACIÓNS NOS SOLDOS E SALARIOS RESPECTO AO EXERCICIO ANTERIOR.

CONCEPTO	NORMA OU ACORDO DO ÓRGANO DE GOBERNO QUE AUTORIZA O INCREMENTO RETRIBUTIVO	IMPORTE
Incremento retributivo xeral.....		
(+) Altas.....		
Temporais		
Fixos		
(-) Baixas.....		
Temporais		
Fixos		
(+/-) Revisións individuais.....		
Con cambio de categoría		
Sen cambio de categoría		
(+/-) Outros.....		
= Variación do concepto de soldos e salarios		

**INCREMENTO RETRIBUTIVO XERAL:** incremento acordado pola entidade con carácter xeral con base no convenio colectivo, acordo do órgano de goberno ou, de ser o caso, cláusulas contractuais. En texto á parte deberanse explicar as normas aplicables e porcentaxes por grupos homoxéneos de persoal se existen varios.

**ALTAS:** importe total cobrado por todos os conceptos por persoas que foron alta no exercicio.

**BAIXAS:** diferenza entre retribución total percibida polas persoas que foron baixa durante o ano, excluídas indemnizacións, e as que lles correspondería de teren permanecido na empresa durante todo o ano.

**REVISIÓNS INDIVIDUAIS:** incrementos acordados pola entidade individualmente no que supere o incremento aplicado con carácter xeral.

**OUTROS:** recolleranse os seguintes compoñentes:

(+) Antigüidade: importe pagado por novos complementos por antigüidade devengados.

(+/-) Cambios en réxime de dedicación, xornada, horas extraordinarias, incapacidade laboral temporal e outras condicións.

(+/-) Outros non incluídos nos demais puntos.

#### 4. ALTAS.

ALTAS	EFFECTIVOS		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Mediante sistemas de selección con convocatoria pública			
Mediante sistemas de selección sen convocatoria pública			
Total altas do exercicio			

#### 5. BAIXAS E INDEMNIZACIÓNS.

CONCEPTO	EFFECTIVOS		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Nº de baixas no exercicio			
con dereito a indemnización.....			
sen dereito a indemnización.....			

CONCEPTO	VALOR
Indemnizacións fixadas xudicialmente	
Número.....	
Importe (*).....	
Indemnizacións por despedimento non fixadas xudicialmente	
Número.....	
Importe (*).....	
Importe medio de indemnización.....	
Importe da indemnización máis alta.....	

## 6. OUTRA INFORMACIÓN.

CONCEPTO	VALOR
Soldos e salarios/Ingresos de explotación (70,73,74,75)	
Ingresos de explotación (70,73,74,75)/Cadro de persoal medio x 100	
Servizos de profesionais independentes (623)/Soldos e salarios	
Importe satisfeito a empresas de traballo temporal (*)	

(\*) Recollido na disposición adicional quinta da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

## 7. DISTRIBUCIÓN REXIONALIZADA DE PERSOAL: DETALLE POR ENTIDADES, COMUNIDADES AUTÓNOMAS E PROVINCIAS

CÓDIGOS DE COMUNIDADES E PROVINCIAS	COMUNIDADES AUTÓNOMAS E PROVINCIAS	NÚMERO DE EMPREGADOS
	<b>PAÍS VASCO</b>	
01.01	ARABA	
01.20	GIPUZKOA	
01.48	BIZKAIA	
01.00	<b>Total PAÍS VASCO</b>	
	<b>CATALUÑA</b>	
02.08	BARCELONA	
02.17	GIRONA	
02.25	LLEIDA	
02.43	TARRAGONA	
02.00	<b>Total CATALUÑA</b>	
	<b>GALICIA</b>	
03.15	A CORUÑA	
03.27	LUGO	
03.32	OURENSE	
03.36	PONTEVEDRA	
03.00	<b>Total GALICIA</b>	
	<b>ANDALUCÍA</b>	
04.04	ALMERÍA	
04.11	CÁDIZ	
04.14	CÓRDOBA	
04.18	GRANADA	
04.21	HUELVA	
04.23	JAÉN	
04.29	MÁLAGA	
04.41	SEVILLA	
04.00	<b>Total ANDALUCÍA</b>	
	<b>PRINCIPADO DE ASTURIAS</b>	
05.33	PRINCIPADO DE ASTURIAS	
05.33	<b>Total PRINCIPADO DE ASTURIAS</b>	

CÓDIGOS DE COMUNIDADES E PROVINCIAS	COMUNIDADES AUTÓNOMAS E PROVINCIAS	NÚMERO DE EMPREGADOS
	<b>CANTABRIA</b>	
06.39	CANTABRIA	
06.39	<b>Total CANTABRIA</b>	
	<b>LA RIOJA</b>	
07.26	LA RIOJA	
07.26	<b>Total LA RIOJA</b>	
	<b>REXIÓN DE MURCIA</b>	
08.30	REXIÓN DE MURCIA	
08.30	<b>Total REXIÓN DE MURCIA</b>	
	<b>COMUNIDADE VALENCIANA</b>	
09.03	ALICANTE	
09.12	CASTELLÓN	
09.46	VALENCIA	
09.00	<b>Total COMUNIDADE VALENCIANA</b>	
	<b>ARAGÓN</b>	
10.22	HUESCA	
10.44	TERUEL	
10.50	ZARAGOZA	
10.00	<b>Total ARAGÓN</b>	
	<b>CASTILLA-LA MANCHA</b>	
11.02	ALBACETE	
11.13	CIUDAD REAL	
11.16	CUENCA	
11.19	GUADALAJARA	
11.45	TOLEDO	
11.00	<b>Total CASTILLA-LA MANCHA</b>	
	<b>CANARIAS</b>	
12.35	LAS PALMAS	
12.38	TENERIFE	
12.00	<b>Total CANARIAS</b>	
	<b>NAVARRA</b>	
13.31	NAVARRA	
13.31	<b>Total NAVARRA</b>	
	<b>EXTREMADURA</b>	
14.06	BADAJOS	
14.10	CÁCERES	
14.00	<b>Total EXTREMADURA</b>	
	<b>ILLES BALEARS</b>	
15.07	ILLES BALEARS	
15.07	<b>Total ILLES BALEARS</b>	
	<b>MADRID</b>	
16.28	MADRID	
16.28	<b>Total MADRID</b>	

CÓDIGOS DE COMUNIDADES E PROVINCIAS	COMUNIDADES AUTÓNOMAS E PROVINCIAS	NÚMERO DE EMPREGADOS
	<b>CASTILLA-LEÓN</b>	
17.05	ÁVILA	
17.09	BURGOS	
17.24	LEÓN	
17.34	PALENCIA	
17.37	SALAMANCA	
17.40	SEGOVIA	
17.42	SORIA	
17.47	VALLADOLID	
17.49	ZAMORA	
17.00	<b>Total CASTILLA-LEÓN</b>	
	<b>CEUTA</b>	
18.55	CEUTA	
18.55	<b>Total CEUTA</b>	
	<b>MELILLA</b>	
19.56	MELILLA	
19.56	<b>Total MELILLA</b>	
00.00	<b>TOTAL REXIONALIZADO</b>	
	<b>NON REXIONALIZABLE</b>	
93.00	NON REXIONALIZABLE	
93.00	<b>Total NON REXIONALIZABLE</b>	
	<b>ESTRANXEIRO</b>	
92.00	ESTRANXEIRO	
92.00	<b>Total ESTRANXEIRO</b>	
00.01	<b>TOTAL XERAL</b>	

## ANEXO V

### Información sobre a comisión de auditoría e control

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE:

CÓDIGO DA ENTIDADE:

ANO:

- |   | SI                       | NON                      |
|---|--------------------------|--------------------------|
| — Indique se a entidade constituíu a comisión de auditoría e control en virtude do disposto no artigo 180.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| — En caso de que a entidade non estea suxeita ao dito artigo, indique se constituíu unha comisión de auditoría e control.   | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

DATA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN:

MEMBROS DA COMISIÓN:

Presidente .....  
Vogal .....  
Vogal .....  
Secretario .....

SI                  NON                  N/A

**FUNCIÓNS DA COMISIÓN:**

Indique se entre as funcións encomendadas se encontran as seguintes:

- |  |                          |                          |                          |
|--|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| a) Supervisión da información financeira que se rende ao Consello de Administración.   | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |                          |
| b) Selección e proposta de nomeamento do auditor de contas.  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |                          |
| c) Informar o Consello de Administración dos resultados da auditoría das contas anuais realizada polo auditor externo ou doutras actuacións de control levadas a cabo pola Intervención Xeral da Administración do Estado ou o Tribunal de Contas. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |                          |
| d) Seguimento das recomendacións efectuadas polos auditores.   | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |                          |
| e) Velar polo deseño e cumprimento duns adecuados procesos de xestión económico-financiera.  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |                          |
| f) Supervisar o funcionamento da auditoría interna.  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| g) Algunha outra distinta das anteriores, especificar.   | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |                          |

.....  
.....  
.....

Indique o número de reunións mantidas en relación coas contas anuais do exercicio correspondente a este informe.

.....  
.....

Se entre as funcións encomendadas se encontra a selección dos auditores de contas, indique o sistema e criterio seguido.

.....  
.....  
.....

**Anexo VI****Dilixencia do responsable do departamento financeiro que acredita a concordancia entre a información subministrada e a que figura nas contas anuais aprobadas pola entidade**

"DILIXENCIA:

Para facer constar que toda a información contida neste

informe de \_\_\_\_\_

(indicar o nome da entidade) concorda coa información  
contida nas contas anuais -----(indicar se son  
contas anuais individuais ou consolidadas) aprobadas.

No informe inclúese a seguinte información: (marcar o que corresponda)

	SI	NON
Artigo 3:		
a. Información relativa ao programa de actuación plurianual.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
b. Liquidación dos orzamentos de explotación e capital.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
c. Información rexionalizada de investimentos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Artigo 4: Información sobre execución de contratos programa.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Artigo 5: Información relativa ao cumprimento da Lei de contratos do sector público e outra normativa en materia de procedementos de contratación.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Artigo 6: Información relativa ao cumprimento dos principios que en materia de persoal e disposición de fondos deben cumprir as entidades do sector público fundacional.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Artigo 7: Información sobre garantías recibidas ou concedidas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Artigo 8: Información sobre persoal.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Artigo 9: Información sobre a comisión de auditoría e control.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Artigo 10. Outra información.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_."